

# Animación á lectura e contacontos

xaneiro-marzo 2011



Biblioteca  
Municipal

Parque da Milagrosa

Comezaremos o 2011 cun programa de actividades para o primeiro trimestre. Serán sempre os xoves á tarde, en semanas alternas, comezando o 27 de xaneiro e rematando o 24 de marzo. Comezarán ás sete da tarde.

Tede en conta tamén que na propia semana da actuación é necesario que retiredes unha tarxeta de invitación a partir do luns. Entregaránse por estricta orde de chegada.



Concello de Lugo  
Concellería de Cultura

27 de xaneiro ás 19:00 h.

Obradoiro. NOEMÍ LÓPEZ  
“Contando con imaxes”

Para nenos maiores de 6 anos  
Aforo limitado a 20 participantes

Duración: 1 hora

Como ilustradora de literatura infantil e xuvenil, Noemí trata de explicar e achegar dun xeito dinámico as formas e técnicas que utiliza para narrar con imaxes. Marca pequenas pautas para que os rapaces poidan participar ao longo de toda a actividade.

10 de febreiro ás 19:00 h.

Contacontos. RAQUEL QUEIZAS  
“Soñadora das árbores”

Para nenos maiores de 3 anos  
Aforo limitado a 40 nenos

Duración: 45 minutos

Sempre está na póla... Dende ben pequena gustáballe escutar lendas e contos sobre a natureza. As fragas, os ríos, os mares, os desertos son fontes de vida que queren ser escutados. Fai unha recolleita de historias de diferentes culturas onde a natureza é a gran protagonista.

24 de febreiro ás 19:00 h.

Contacontos. IAGO LÓPEZ  
“A excursión de Martiño”

Para nenos maiores de 3 anos  
Aforo limitado a 40 nenos

Duración: 45 minutos

Martiño vai ao monte cos seus pais e alí faise amigo da osa Rosa, que ten un pequeno problema...

10 de marzo ás 19:00 h.

Animación á lectura  
SANTIAGO JAUREGUÍZAR  
“Ti contas”

Para nenos maiores de 6 anos  
Aforo limitado a 20 participantes

Duración: 1 hora

Aprendizaxe sobre cómo se crea un conto (argumento, estrutura, personaxe, ritmo, plasticidade, etc.) nunha sesión de claro enfoque práctico no que se usan pintura, música, internet e mesmo alimentos.

24 de marzo ás 19:00 h.

Animación á lectura. MAGO RAFA  
“Momentos máxicos”

Para nenos maiores de 7 anos  
Aforo limitado a 20 participantes

Duración: 1 hora

Trátase dunha montaxe fresca e actual onde a maxia más divertida se mestura coas técnicas más clásicas para ofrecer un espectáculo diferente onde a participación vai marcando o seu desenvolvemento.